



BOLETÍN FITOSANITARIO DE AVISOS E INFORMACIÓNS

8 de agosto de 2007

Nº 15

METEOROLOXÍA

Tempo seco e soleado durante a mirande parte da semana, alcanzándose temperaturas máximas de 30-34°C, cun descenso acusado a partir da noite do día 5 Domingo.

A previsión apunta u mantemento das altas presións durante os próximos días, o que dará lugar a alternancia de nubes a claros no litoral norte e practicamente despexado no resto, con temperaturas en lixeiro ascenso.

VIÑEDO

D. O. Rías Baixas

Estado fenolóxico medio

L-M₁ (peche do acio-inicio do envero).

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas

Estancamento de danos provocados polo Mildeu (*Plasmopora viticola*). Non obstante, estanse a observar os danos producidos en semanas anteriores na zona do raspón dos acios. Nos brotes novos seguen a observarse síntomas e manchas esporuladas da enfermidade. Pasado o período crítico da enfermidade en acio estase a avaliar os danos acaecidos nas diferentes comarcas vitivinícolas.

Segue a manifestarse unha indedencia puntual de algún acio con síntomas de Oidio (*Ucinula necator*).



Seguen a observarse cepas afectadas do complexo Iesca cos síntomas típicos de secamento parcial das cepas en brazos ou ramificacións das mesmas.

A presenza de Mosquito verde (*Empoasca viti*) e ácaros seguen en niveis moi baixos de poboación, aínda que a Araña amarela e a Araña vermella (*tetranychus urticae* e *panonychus ulmi*) están a incrementarse en algúns focos, sempre por debaixo dos umbráis de tratamento.

Na foto pódense apreciar adultos e posta de Araña vermella vista con binocular.



sigue D. O. Rías Baixas

Recomendacións da semana

Cara a próxima semana, recoméndase realizar un tratamento antimildeu o día 13 ou o 14 cun produto de contacto a base de cobre ou cobre-orgánico para prevenir unhas posibles condicións adecuadas para a infección da enfermidade nos días seguintes aos indicados.

Os viticultores que todavía non marcaron as cepas afectadas do Complexo Iesca a altura de órganos sans, deberán facelo para que na vindeira parada vexetativa se poidan realizar as medidas terapéuticas de eliminación de órganos afectados a altura de zonas sans da cepa, coa posterior queima controlada da madeira.

D. O. Ribeiro

En todas as denominacións de calidade acumúlase certo retraso no ciclo produtivo respecto a un ciclo normal. Por outra banda, a Consellería do Medio Rural está a traballar para facer unha estimación aproximada das mermas na colleita provocadas pola elevada incidencia das enfermidades fúnxicas durante este ano. Espérase unha merma significativa en todas as denominacións de calidade respecto a un ano normal.

Mantéñense as recomendacións da semana pasada:

Cando se renove o tratamento contra unha enfermidade é conviente cambiar de materia activa para evitar resistencias.

É recomendable facer o enramado das gaviás, así como a execución das operacións en verde: eliminación de chupóns, despuntes, desfollados e aclareos. Tamén é convinte eliminar a vexetación espontánea presente entre as gaviás.

A eliminación de parte da vexetación que está próxima aos acios facilita a aireación destes, téndose que ter a precaución de non deixar expostos os acios ao sol, fundamentalmente na orientación oeste/sur-oeste e nas variedades sensibles, coma o Godello, para evitar queimaduras.

Débense eliminar aqueles acios que estén afectados por enfermidades, como Mildiu, para evitar a súa transmisión aos acios sanos.

Os tratamentos con produtos fitosanitarios débense facer fora das horas centrais do día, sobre todo si as temperaturas suben ata valores próximos aos 30 °C.

En canto ao seguimento das curvas de voo da Couza ou Avelaíña do acio, o número de individuos atrapados nas trampas de feromonas instaladas en parcelas das catro denominacións de orixe de Ourense é insignificante, polo que non se alcanza o umbral de tratamento.

Estado fenolóxico medio

M1 (inicio do envero), fase na que se atopa a maioría das plantacións. Xa hai zonas, as máis expostas á insolación e con variedades precoces, que se atopan na fase de pleno envero.



segue D. O. Ribeiro

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas

Siguen aparecendo, con moita menor intensidade que nas semanas anteriores, novas manchas de Mildiu nos brotes novos, ademais de acios afectados polo Mildiu larvado. Apareceron, de xeito localizado, síntomas de ataque de Oidio pero de pouca intensidade. Non se produciron novos ataques de Black-rot.

Estamos nun estadio fenolóxico no que a presión do Mildiu redúcese considerablemente. No caso de manterse as mesmas condicións meteorolóxicas que na pasada semana, o risco desaparecerá practicamente por completo.

Recomendacións da semana

De renovar o tratamento fronte a Mildiu, convén utilizar unicamente xa materias de contacto a base de cobre. A previsión é que a presión da enfermidade remita.

Mantense a importancia de protexer o cultivo fronte ao Oidio. No caso de utilizar como materia activa o xofre, éste pode queimar os acios aplicado nas horas centrais do día. A partir do envero a incidencia desta enfermidade é mínima.

Lémbrese que no caso de ter a intención de facer un tratamento preventivo contra a Botrite o estado fenolóxico de peche do acio (L) ou do ionicio do envero (M1) é o apropiado para facelo.

D. O. Ribeira Sacra

Estado fenolóxico medio

M1 (inicio do envero), fase na que se atopa a maioría das plantacións.

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas

Aparecen novas manchas de Mildiu en follas recentes. Con moita menos presenza se manifestaron os síntomas en acios. Non se reproduciron manchas de Black-rot. Seguimos en período de risco para de infección de Oídio.

Recomendacións da semana

As mesmas que para O Ribeiro.

D. O. Valdeorras

Estado fenolóxico medio

L (peche do acio). Inicio do envero (**M1**) nun 10 - 15% do total, nas variedades máis precoces.

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas

A presión da enfermidade provocada por Mildiu é menor que no Ribeiro. Remitiron os ataques provocados por Black-rot e apenas hai problemas de Oídio e Botrite. Seguimos en período de risco de infección por Oídio.

Recomendacións da semana

As mesmas que para O Ribeiro.



D. O. Monterrei

Estado fenolóxico medio

M1 (inicio do envero), fase na que se atopa a maioría das plantacións.

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas

As mesmas que na DO Valdeorras.

Recomendacións da semana

As mesmas que para O Ribeiro.

PATACA

Comarca de A Limia

As condicións meteorolóxicas foron de estabilidade: ausencia de precipitacións e temperaturas medias aproximadas a valores de 20 - 25°C. As previsións contemplan que as temperaturas se manteñan altas en ausencia de precipitacións.

A maioría da superficie do cultivo na comarca da Limia atópase na fase engrosamento de tubérculos. Nas zonas con máis altitude o ciclo está lixeiramente adiantado respecto a zona da lagoa polo que se atopan na fase de inicio da senescencia da planta.

Recomendacións da semana

As condicións continúan sendo de risco para o ataque de fungos, con moita menor presión da enfermidade respecto ás pasadas semanas, polo que é imprescindible manter protexido o cultivo fronte ao Mildiu. Hai que estar vixiantes polo que no caso de que se detecten síntomas na rama deberase recurrir a materias activas de carácter curativo.

Estanse a producir ataques mederados de Escaravello (*Leptinotarsa decemlineata*), polo que se recomenda vixiar o nivel de invasión no cultivo, actuando con un insecticida no caso de superarse o umbral establecido.

Incrementouse a presenza de Verme gris (*Agrotis segetum*) e Verme branco (*Agrotis villosa*), ademáis de pulgón. Igual que no caso do Escaravello, débese vixiar o nivel de invasión destes parásitos, actuando sobre eles coa aplicación dun insecticida no caso de superarse o umbral establecido.

Zona de Pontevedra

Estado fenolóxico medio

Recolección



continúa PATACA (Zona de Pontevedra)

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas:

Nos tubérculos que se están recolectando ou na postcolleita no almacenamento das mesmas, estase a ver un porcentaxe elevado de tubérculos con síntomas de pudricións e aroma desagradable.

O resultado das prospeccións realizadas polo Servizo Técnico Agrario de Pontevedra, e posterior análise no Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia, deron os seguintes resultados en canto a bacterioses e enfermidades:

Podredumbre blanda ou pe negro (*Pectobacterium carotovorum*, subsp *Erwinia carotovora*).

Mildeu.

Mildeu rosado (*Phytophthora erythroseptica*).

Podredumbre seca (*Fusarium roseum*).

***Colletotrichum atramentarium*.**

Dos anteriores atribúeselle efecto realmente patóxeno a bacteriose da Podredumbre blanda e a enfermidade do Mildeu. As demais enfermidades compórtanse como fungos oportunistas que tamén colonizan os tubérculos anteriormente afectados.

Na Podredumbre blanda, por ser un patóxeno cuarentenario, deberánse extremar as medidas preventivas para evitar sua propagación ou implantación. Síntomas en planta e tubérculos:



continúa PATACA (Zona de Pontevedra)

Recomendacións da semán

Debido á sintomatoloxía detectada de Podredumbre blanda hai que extremar os cuidados na recolección, téndose que ter en conta os seguintes extremos:

- Realizar unha recolección cuidadosa co terreo e tempo seco para facilitar o secado e cicatrización das feridas.
- Separar as patacas afectadas de pudrición no momento da recolección para a súa eliminación mediante enterramento e sellado en terreo valdío, previa aplicación de cal viva sobre os tubérculos.
- Unha vez gardados nun almacén ben ventilado en capas ou caixas de pouca altura, convén repasar as 2-3 semanas a posible aparición de máis tubérculos afectados, eliminándoos igual que no punto anterior, para evitar a contaminación dos lotes.
- Desinfectar e limpiar cuidadosamente a maquinaria agrícola que se utiliza para o levantamento dos tubérculos, máxime cando se usa en común ou nas empresas de servizos agrarios.
- O almacén deberá ser desinfectado antes de gardar os tubérculos e despois do seu consumo ou venda.
- De cara á próxima campaña é moi importante non repetir o cultivo de pataca na mesma parecela.

HORTA

HORTA NA COMARCA DA LIMIA

CEBOLA

Fenoloxía

Data de transplante: marzo/abril. Estado de caída (**I**). Plena fase de caída das primeiras cebolas. Estase a formar a cuberta externa seca do bulbo.

Data de transplante: maio. Estado de engrosamento do bulbo (**H**). Plena fase de engrosamento do bulbo.

Recomendacións

Na cebola en estado fenolóxico **I** recoméndase suspender o rego para que o bulbo madure. Recoméndase manter os tratamentos de xeito preventivo contra o Mildiu e Botrite. Nas parcelas que se atopen na fase **H** e no inicio da **I**, aplicarase contra o Mildiu materias activas de contacto. Deberase facer un tratamento preventivo contra o fungo *Esclerotinia* nas parcelas que estén no estadio **H** e **I**. Farase un seguimento de poboación de trips por si fora preciso facer un tratamento no caso de superar os umbrais de tratamento, sobre todo nas parcelas que se atopen no estadio **H**.



continúa PATACA (Zona de Pontevedra)

REPOLO

Fenoloxía

Planta con 15-17 follas (fase intermedia do cultivo).

Recomendacións

As mesmas que na semana pasada. Non se recomenda ningún tratamento contra o Mildiu. No caso de ter controlada a poboación de eirugas defoliadoras gracias aos tratamentos feitos na semana pasada non se recomenda facer un novo tratamento insecticida para controlar esta plaga.